

REGULAMENTO TWOBALL

IV EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3 FUNDACIÓN BREOGÁN

1. DATAS.

O concurso de twoball disputarase durante os días 30 de maio, 6 e 13 de xuño. O 20 de xuño só disputaranse as semifinais e a final.

2. PARTICIPANTES.

Na competición participarán 2 xogadores/as de cada un dos equipos rexistrados, designados polo mesmo equipo e podendo ir rotando os xogadores durante as distintas roldas, a condición de que, todos os participantes sexan membros do seu equipo.

3. SISTEMA DE COMPETICIÓN.

Cada parella rexistrada realizará 2 roldas clasificatorias durante os 2 primeiros días de competición regular (unha o día 30 de maio e outra o día 6 de xuño). Da suma do total dos puntos obtidos, obterase a clasificación dos 8 equipos.

Os cuartos de final disputaríanse durante a terceira xornada da liga, o día 13 de xuño en forma de eliminatorias directas: primeiro contra oitavo, segundo contra sétimo, terceiro contra o sexto e cuarto contra o quinto. Os gañadores de cada un dos enfrontamentos, serán os semifinalistas. A semifinal e final disputarase o venres 20 de xuño.

En caso de empate, situarase por diante o equipo que anotase máis puntos nalgunha das dúas roldas clasificatorias.

4. REGLAS DE COMPETICIÓN.

1. A competición desenvolverase en media pista, onde haberá 5 posicións sinalizadas con marcadores de cores. Cada un destes marcadores terá unha puntuación que irá do 1 ao 5.

2. Cada equipo dispoñerá de 1 minuto e 15 segundos para lanzar tantos tiros, desde as posicións sinalizadas, como lles sexa posible. Sumarase a puntuación de todos os tiros encestandos en función do valor do marcador desde onde se anote.

3. No inicio do concurso o xogador que empeza tirando, colocase na primeira posición que elixa para lanzar. O seu compañeiro deberá estar dentro do círculo central.

4. Unha vez iniciada a competición, os lanzamentos realízanse de forma alternativa.: isto implica que o/a xogadxr que lanza a canastra é quen colle o rebote e pásalle o balón ao seu compañeirx.

5. Non se pode lanzar dúas veces seguidas desde a mesma posición, nin tampouco pode lanzar o mesmo xogador dúas veces seguidas.

6. Se se logra encestar desde todas as posicións de maneira consecutiva sen fallo, sumaranse 5 puntos adicionais ao total de puntos conseguidos.

7. A organización publicará o calendario coa orde de competición de cada equipo participante antes do inicio da liga Senior.

8. Colocación dos marcadores.

